



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. núm. 2022/X999/002336

Ref.: SEC

RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DA ACTUALIZACIÓN DO ANEXO I DA POLÍTICA DE SEGURIDADE

I. ANTECEDENTES DE FEITO:

1. A Deputación da Coruña, en colaboración co Centro Criptolóxico Nacional e a Xunta de Galicia a través do nodo CIBER.gal, desexa mellorar a situación das entidades locais da provincia en canto á ciberseguridade abordando o cumprimento normativo que establece o novo Esquema Nacional de Seguridade (en diante, ENS) desde unha perspectiva práctica que permita, desde o primeiro momento, elevar os estándares de seguridade cos que traballa a organización.
2. No marco desta colaboración, o Pleno do concello en sesión de data 13/02/2023 aprobou o texto inicial da política de seguridade da información. Nesta política determináronse os roles de seguridade de acordo co disposto no artigo 13 do RD 311/2022, relativo á organización e implantación do proceso de seguridade.
3. Dentro desta organización creouse o Comité de Seguridade da Información.
4. A composición do actual Comité de Seguridade da Información, conforme o establecido na Política de Seguridade aprobada polo Pleno, é a seguinte:

Roles o perfís de seguridade

- Responsable/s de Información e dos servizos: o/a concelleiro/a delegado/a especial de Cultura, Xuventude, Innovación e Novas Tecnoloxías ou a concellería correspondente.
- Responsable de seguridade: a secretaria do Concello ou persoa que legalmente a substitúa.
- Responsable do Sistema: o programador do Concello.

Comité de seguridade da Información

- Presidente/a: o/a concelleiro/a delegado/a da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá ou a concellería correspondente.
- Secretario/a: a secretaria municipal ou quen legalmente a substitúa.
- Vogais:
 - Responsable/s de Información e dos servizos: o/a concelleiro/a delegado/a especial de Cultura, Xuventude, Innovación e Novas Tecnoloxías ou a concellería correspondente.
 - Responsable de seguridade: a secretaria municipal ou quen legalmente a substitúa
 - Responsable do Sistema: o programador do Concello.
- Delegado/a de Protección de datos (DPD): rol que ostenta Daniel Santos García designado mediante Resolución da alcaldía de 23 de xaneiro de 2025 (expediente 2024/C002/000121).

5. Resultando necesaria unha actualización da lexislación contida na Política de Seguridade, e dando cumprimento o establecido no seu punto 4. Marco Normativo, elaborouse un novo Anexo I sendo necesaria a súa aprobación.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. núm. 2022/X999/002336

Ref.: SEC

II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

Primeira. O artigo 156 da Lei 40/2015, do 01 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece que “2. El Esquema Nacional de Seguridad tiene por objeto establecer la política de seguridad en la utilización de medios electrónicos en el ámbito de la presente Ley, y está constituido por los principios básicos y requisitos mínimos que garanticen adecuadamente la seguridad de la información tratada”.

Segunda. O Real Decreto que regula o Esquema Nacional de Seguridade é o Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade. O seu artigo 2 sinala que é de aplicación a todo o sector público.

Terceira. O artigo 13 do RD regula a organización e implantación do proceso de seguridade e incide en que “1. La seguridad de los sistemas de información deberá comprometer a todos los miembros de la organización”.

Cuarta. O artigo 21.1 s) da Lei 07/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe á alcaldía as competencias que expresamente lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das comunidades autónomas asignen ao concello e non atribúan a outros órganos municipais.

III. RESOLVO:

1. Aprobar a actualización do Anexo I da Política de Seguridade do concello das Pontes de García Rodríguez.

2. O contido deste documento é o seguinte:

“ANEXO I REXISTRO DE REQUISITOS LEGAIS

As referencias tidas en conta para a redacción dos documentos que compoñen a adecuación ao ENS da Organización, foron:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público.
- Real decreto 311/2022 de 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade.
- Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica.
- Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos (Regulamento Xeral de Protección de Datos).
- CORRIGENDUM 8088/18, de 19 de abril, sobre corrección de erros en diferentes traducións do RGPD.
- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Resolución do 13 de outubro de 2016, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, pola que se aproba a Instrución Técnica de seguridade de conformidade co esquema nacional



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. núm. 2022/X999/002336

Ref.: SEC

de seguridade.

- Resolución do 7 de outubro de 2016, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, pola que se aproba a Instrución Técnica de seguridade de informe do estado da seguridade.
- Resolución do 27 de marzo de 2018, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se aproba a Instrución Técnica de seguridade de auditoría da seguridade dos sistemas de información.
- Resolución do 13 de abril de 2018, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se aproba a Instrución Técnica de seguridade de notificación de incidentes de seguridade.
- Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade de información e de comercio electrónico.
- Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.
- Lei 36/2015, de 28 de setembro, de Seguridade Nacional.
- Regulamento (UE) 910/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de xullo de 2014, relativo a identificación electrónica e os servizos de confianza nas transaccións electrónicas no mercado interior.
- Lei 6/2020, de 11 de novembro, reguladora de determinados aspectos dos servizos electrónicos de confianza.
- Real decreto 1308/1992, do 23 de outubro, polo que se declara ao Laboratorio do Real Instituto e Observatorio da Armada, como Laboratorio depositario do patrón nacional de Tempo e Laboratorio asociado ao Centro Español de Metroloxía.
- Lei 25/2007, do 18 de outubro, de conservación de datos relativos ás comunicacións electrónicas e as redes públicas de comunicacións.
- Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público.
- Real decreto 1495/2011, do 24 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público.
- Real decreto 1553/2005, do 23 de decembro, polo que se regula o documento nacional de identidade e os seus certificados de sinatura electrónica.
- Lei 56/2007, de 28 de decembro, de medidas de impulso da sociedade da información.
- Real decreto 1494/2007, do 12 de novembro, polo que se aproba o Regulamento sobre as condicións básicas para o acceso das persoas con discapacidade ás tecnoloxías, produtos e servizos relacionados coa sociedade da información e medios de comunicación social.
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases del réxime local.
- Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.
- Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de propiedade intelectual, regularizando, aclarando e armonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia.
- Real decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. núm. 2022/X999/002336

Ref.: SEC

Lei do estatuto básico do empregado público.

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.
- Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións. Derogada, aínda que vixente unicamente nos apartados sinalados na Disposición Derogatoria Única de la Ley 11/2022, de 28 de xuño.
- Real Decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medio electrónicos.
- Lei 11/2022, de 28 de xuño, Xeral de Telecomunicacións.
- Real Decreto-lei 14/2019, de 31 de outubro, polo que se adoptan medidas urxentes por razóns de seguridade pública en materia de administración dixital, contratación do sector público e telecomunicacións.
- Regulamento da administración electrónica municipal do Concello das Pontes de García Rodríguez, aprobado en sesión do Pleno de data 14/12/2020 e publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, número 44, do 08 de marzo de 2021.”

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura dixital